



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

(1) A Escola Galega da Administración Pública (EGAP) –pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de formación ao persoal empregado público.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

(2) **Antecedentes:** Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

Que o XEG é o órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galicia especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración que expropia sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, formalizarase co Xurado de Expropiación de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2017, podendo prorrogarse ata o 31 de decembro 2018, por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

(4) O Convenio ten por obxecto a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(5) O instrumento convencional que se asina ten por obxecto a realización das seguintes actuacións:

A) A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente do XEG, que fará a selección do referido persoal para cada actividade concreta, de conformidade co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7 do 10 de xaneiro de 2008); selección que comunicará á EGAP.

B) . A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.





C) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.

D) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.

E) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.

(6) A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2017.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, a 26 de maio do 2017
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete

